- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade didáctica 6	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer cando menos o 80% das ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais.	PE	70
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira critica cando menos o 80% nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos cando menos o 80% para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes nos textos.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir cando menos o 80% textos detallados e ben estructurados e de certa complexidade evitando erros importantes		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar a maioría das estratexias de planificación, produción, revisión e coopperación para compor textos ben estructurados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente cando menos o 80% diversos tipos de textos evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados.	TI	30
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Planificar, participar e colaborar a través de distintos soportes en situacións sobre temas cotiáns.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Seleccionar, organizar e utilizar eficazmente estratexias adecuadas para manter e terminar una comunicación.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Explicar textos en situacións nas que hai que atender á diversidade e mostrando respeto polos interlocutores e polas linguas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar eficazmente estratexias que faciliten a comunicación para explicar textos.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar e contrastar, cando menos, semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Ser quen de utilizar iniciativas e estratexias e coñecementos para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Ser quen de reflexionar eficazmente sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar o 100% dos casos de discriminación en prexuizos. Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia dos países onde se fala a lingua estranxeira		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar eficazmente estratexias sobre a diversidade lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.

Contidos
- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguimos a pensar que o enfoque comunicativo e a orientación constructivista do aprendizaxe son os dous tratamentos fundamentais na metodoloxía para o ensino dunha lingua.
Un dos nosos principais plantexamentos é intentar conseguir desa forma que os alumnos se impliquen e participen activamente no uso e na construcción dun idioma novo.
Por todo iso, teranse en conta as seguintes concrecións metodolóxicas:
- Impartir na medida do posible e das particularidades dos grupos a maior parte das clases en francés. Deste xeito potenciaremos a memorización das expresións máis habituais no contexto da aula.
- Suscitar unha variedade de actividades que atendan á diversidade do alumnado.
- Fomentar o interese e a motivación do alumnado con temas e actividades suxestivos para eles. Como pode ser o uso das novas tecnoloxías.
- Crear na aula un clima de confianza e de tolerancia de xeito que aumente a autoestima dos alumnos e alumnas, que se sintan seguros/as e que polo tanto participen máis nas actividades.
- Axudar ao alumnado a crear estratexias para fomentar a autonomía no seu aprendizaxe, ata polo medio da autovaloración e da autoavaliación.
- Axudar ao alumnado a que estableza similitudes e diferenzas entre a materia nova e a xa estudada e interiorizada.
- Fomentar unha aprendizaxe non repetitiva e intentar que os propios alumnos e alumnas resolvan as súas dúbidas a través da corrección polo erro, a selección de proxectos a realizar, etc...
- Manter un tratamento equilibrado dos diferentes aspectos da lingua recollidos na programación, prestándolle atención á produción oral.
- Ir ampliando e revisando en cada unidade de traballo o léxico.
- Introducir a gramática de maneira gradual, intentando repasar e recordar os temas tratados anteriormente.
- Realizar diferentes actividades na aula coa finalidade de acadar os obxectivos de cada unidade ou sesión. Para iso faranse os exercicios e as actividades que o profesor considere oportunos (serán máis ou menos exhaustivos dependendo das necesidades do alumnado).
- Implementarase na aula unha métodoloxía de tipo cooperativo, sempre que sexa posible, para propiciar o traballo en grupo ou en parellas (coas medidas de seguridade oportunas).
- Contamos coas clases dun auxiliar de conversa asignado ao noso centro. Impartirá unha sesión semanal e será a mellor forma de mellorar a oralidade do noso alumnado e de afianzar os temas traballados na aula. Poderán, ademáis, descubrir unha cultura, costumes e tradicións diferentes. Recorrerán a cidade de París a través dos seus principais monumentos e de distintas personalidades da cultura francesa.Tamén descubrirán a Francofonía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia
Documentos auténticos (prensa, textos, etc...)
Aula Virtual
Páxinas web vínculadas ao FLE
Diccionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicados á materia

Probas tipo DELF e outras certificacións
Cancións
Exames tipo Abau

Non hai manual de referencia neste grupo de 2º de Bacharelato. Polo tanto o material usado será de elaboración propia e adaptarase aos requerimentos do grupo.
Utilizaremos tamén documentos auténticos sobre todo tipo de temas: literatura, cultura, xeografía, temas da actualidade.
Pediremos aos alumnos que aporten 8 euros en concepto de fotocopias xa que terán os documentos en soporte papel.
En canto á proba de audición, escoitaránse diversos tipos de documentos sonoros (cancións, audicións de Radio France, etc...), probas de audición das probas ABAU e responderase a preguntas sobre o documento.
A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.
Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).
Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula (sobretodo nas sesións co auxiliar de conversa), pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.
Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana do curso farase unha avaliación inicial. Adicaránse 3 sesións.
É fundamental e realmente importante saber de dónde partir e poder valorar os coñecementos previos dos alumnos e deste xeito detectar posibles problemas.
Trátase dunha proba inicial onde se valorarán os contidos mínimos que o alumnado debería ter consolidados do curso anterior e o coñecemento individualizado do alumnado a partir das súas intervencións na aula. A proba consistirá nunha proba escrita con distintos exercicios (léxico, conxugación, gramática e expresión escrita) e nunha pequena proba de expresión oral a modo de conversa na aula cos demáis compañeiros e compañeiras e coa interacción do profesorado.
Os resultados desta proba diagnóstica permitirán ao profesorado establecer o nivel do que parte o alumnado e deste xeito comezar a repasar coñecementos a principio de curso pero tamén reforzalos ao longo do mesmo. Polo tanto os elementos sintáctico-discursivos serán afondados seguindo as necesidades individuais do alumnado e utilizando as ferramentas que o profesorado considere necesarias.
De xeito individual, poderase darlle o alumno unas fichas para repasar o que non recorda e ademaís darlle novas explicacións.
Aproveitaremos estas sesións para comprobar si hai alumnado con necesidades educativas especiais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**7**	**8**	**12**	**13**	**30**	**30**	**100**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	**70**
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	**30**

Criterios de cualificación:

Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación. Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes: Os exames e controis son unha etapa máis no proceso de aprendizaxe e son algúns dos instrumentos dos que o profesorado fará uso para comprobar que o alumnado é capaz de utilizar o aprendido durante o curso.
EXAMES/PROBAS: Haberá unha proba de Comprensión Oral (“écoute”), outra de Produción Oral, unha proba de Gramática (gramática, léxico, situación, conxugación) e unha proba tipo exame ABAU (con exercicio de comprensión escrita, de léxico, de gramática e de expresión escrita).
CONTROIS: poderánse realizar controis e serán anunciados con antelación, especialmente cando queiramos incidir nun determinado aspecto. .Estes controis faranse cunha periodicidade que poderá variar segundo o ritmo do curso. O contido dos mesmos poderá ser de carácter variado. Preténdese deste xeito intentar que o alumnado sexa consciente do importante que é o seu avance progresivo e leve a materia ó día. Estos controis serán incluidos no apartado de Produción Escrita (apartado Gramática) dos criterios de cualificación.
OUTROS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
- Exercicios de produción escrita- rédactions -que o profesorado da materia planifica e que o alumnado terá que desenvolver unhas veces na aula, outras fóra da mesma..
- Tarefas sinaladas polo profesorado da materia, tanto dentro coma fóra da aula, respectando os prazos sinalados para a entrega do material.
- Uso da lingua francesa para expresarse (en maior ou menor medida dependendo do nivel).
- Observación do traballo diario do alumnado e na recollida de datos do profesorado.
- O apartado de mediación comprende: interacción, plurilingüismo, reflexión sobre a aprendizaxe e interculturalidade. Estará incluido nos apartados de produción escrita e no de produción oral.

Para coñecemento do alumnado e das súas familias, o Departamento fará pública a seguinte nota: na cortiza da aula e na aula virtual do grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse nas aulas ao inicio do curso e procurarase que os criterios sexan entendidos. Non se repetirán exames ao alumnado que falte, salvo por enfermidade ou por causa maior debidamente documentadas con xustificante médico ou oficial, que deberán ser presentados ao titor ou titora. Nese caso o alumnado avaliarase coas probas realizadas nese periodo. Cando un alumno ou unha alumna sexa descubierto/a copiando nun exame a cualificación deste exame será un 0. As rúbricas utilizadas para os exames de produción oral serán publicadas na cortiza da aula.
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
1ª Avaliación :
Produción Escrita e
Comprensión Escrita ..... 70% (50% exame gramática, conxugación, léxico / 20% exame proba ABAU)
Produción Oral 15%
Comprensión Oral 15%
O apartado de mediación comprende: interacción, plurilingüismo, reflexión sobre a aprendizaxe e interculturalidade. Estará incluido nos apartados de produción escrita e no de produción oral.
2ª Avaliación:
Produción Escrita e
Comprensión Escrita ..... 70% (45% exame gramática, conxugación, léxico / 25% exame proba ABAU)
Produción Oral 15%
Comprensión Oral 15%
O apartado de mediación comprende: interacción, plurilingüismo, reflexión sobre a aprendizaxe e interculturalidade. Estará incluido nos apartados de produción escrita e no de produción oral.

3ª Avaliación:
Produción Escrita e
Comprensión Escrita ..... 70% (30% exame gramática, conxugación, léxico / 40% exame proba ABAU)
Produción Oral 15%
Comprensión Oral 15%
O apartado de mediación comprende: interacción, plurilingüismo, reflexión sobre a aprendizaxe e interculturalidade. Estará incluido nos apartados de produción escrita e no de produción oral.
A avaliación das unidades didácticas está reflectida no punto 3.3. desta programación.
Os criterios de cualificación de 2º de Bacharelato-FR2 están suxeitos a posibles cambios dependendo de cambios nos exames da proba ABAU.

A nota da avaliación final ordinaria do curso será o resultado da media ponderada das notas das tres avaliacións:
1ª avaliación: 15%
2ª avaliación: 25%
3ª avaliación: 60%
Consideramos que, no que respecta aos exames ou outras probas, o alumnado deberá acadar e amosar un equilibrio entre as distintas destrezas para poder ser cualificado de xeito positivo. Calquera apartado que o alumnado deixase en branco, considerarase unha merma de cara a unha cualificación positiva.
O departamento aplicará un redondeo na nota da terceira avaliación parcial e na nota da avaliación final ordinaria. Este redondeo farase tendo en conta as tarefas realizadas ao longo do curso.

Criterios de recuperación:

Os alumnos e as alumnas que non consigan acadar unha cualificación de 5 ou superior na nota da avaliación ordinaria terán que presentarse á proba extraordinaria de xuño. Esta proba elaborarase en base aos contidos programados para o curso e impartidos. Incluirá materia das tres avaliacións. Se o alumno ou alumna supera a proba de Produción Oral ou a proba de Comprensión Oral na avaliación ordinaria, poderá elixir manter esas notas na avaliación extraordinaria; de elixir presentarse de novo, só se terá en conta a puntuación obtida nesta convocatoria extraordinaria.
Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e as probas extraordinarias, relizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios (léxico, conxugación, gramática, etc..).
Criterios de cualificación da avaliación extraordinaria
Produción Escrita e
Comprensión Escrita ..... 70% (30% exame gramática, conxugación, léxico / 40% exame proba ABAU)
Produción Oral 15%
Comprensión Oral 15%

Non se repetirán exames ao alumnado que falte, salvo por enfermidade ou causa maior debidamente documentadas con xustificante médico ou oficial, que deberán ser presentados ao titor ou titora. Nese caso o alumnado avaliarase coas probas realizadas nese periodo. Cando un alumno ou unha alumna sexa descuberto/a copiando nun exame a cualificación deste exame será un 0. A rúbrica usada para o exame de produción oral será a mesma que a utilizada durante o curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da

avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.
Adoptaránse e aplicaránse as medidas de obrigado cumprimento establecidas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.
Ademais destas medidas o departamento establece as seguintes:
Na aula
- Maior supervisión das tarefas de aula. Proporcionamos mais explicación, e repetimos cando sexa necesario.
- Nos aseguramos que comprende as explicación e/ou instrucións sobre as actividades.
- Potenciamos a autonomía sempre en función das necesidades do/a alumno/a.
- Evitamos que copie enunciados innecesariamente, así como o ditado de preguntas.
- Proporcionamos apuntes seguros no caso de ampliación de explicacións que xa están recollidas no libro de texto (poderase poner na aula virtual).

Nos exames
- Proporcionar as instrucións enunciadas dunha a unha, asegurarnos de que entende o que se lle pide.
- Facilitamos con antelación toda a información sobre o modelo de exame, estructura, forma de complementalo.
- Permitimos todo o tempo que necesite, ou dividimos o exame en dúas partes.
- Corrixir os bloqueos, distraccións ou desconexións, si é o caso, ofertando a nosa axuda (TEA).
- Evitar connotacións negativas nas correccións das súas tarefas.
- Si hai dificultade de comprensión lectora, repasar os enunciados para asegurarnos de que entendeu.
- Modificar o formato de exame: incremento no tamaño da letra, maior interliñado, fragmentar o texto de comprensión en parte intercalando preguntas.
- Evitamos dar os resultados da avaliación en voz alta.
- As correccións comentaránse a nivel xeral coa clase e logo a nivel persoal.
- Proporcionar as datas dos exames con antelación suficiente.
- Procuramos realizar unha lectura previa do exame.
- Mantemos o mesmo nivel de exixencia que ao resto pero cambiamos o procedemento e os tempos.
- Pedimos que revise o exame ou traballos antes de entregalos.
- Destacamos en negriña as palabras clave dos enunciados.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO
Neste curso non hai alumnado repetidor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Dereitos da infancia		X	X		X	
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desarrollo sostible				X	X	
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual			X	X	X	X
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial		X	X	X		
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	A "Hora de ler" soamente se fai na ESO pero aproveitaremos todalas clases para ler en voz alta aínda que sexan exercicios, enunciados, etc.. Leránse sempre os textos en voz alta.	X	X	X
Recreos Café Français	O auxiliar de conversa adicará os segundos recreos dos martes e mércores a mellorar e practicar a produción oral do alumnado que queira participar. Tamén poderán preguntar ás súas dúbidas.	X	X	X
Chandeleur	Aproveitaremos unha sesión de clase co auxiliar de conversa para falar sobre as tradicións da Chandeleur en Francia e veremos unha receita de crêpes.		X	
Semaine de la francophonie	Aproveitaremos esas datas para recordar a importancia da lingua francesa no mundo e organizaremos algunha actividade co auxiliar de conversa.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A programación didáctica: non se adecúa ó contexto da aula, adecúase parcialmente ou adecúase completamente Obxectivos da materia: non se alcanzaron os obxectivos establecidos, alcanzáronse parte dos obxectivos, alcanzáronse os obxectivos marcados para o curso. Competencias clave: non se desenvoveron a maioría das competencias, desenvolvéronse parte das competencias, logrouse o desenvolvemento das competencias clave relacionadas con esta materia.

Metodoloxía empregada
Práctica docente: a práctica docente non foi satisfactoria, a práctica docente foi parcialmente satisfactoria, a práctica docente foi satisfactoria
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribución dos espazos e tempos: a distribución dos espazos e tempos non foi adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados, a distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados, a distribución dos espazos e os tempos foi adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade: non se adoptaron medidas adecuadas, identificarónse as medidas a adoptar, adoptarónse medidas adecuadas.
Clima de traballo na aula
Métodos didácticos e pedagóxicos: os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro, contribuíron parcialmente, contribuíron á mellora do clima da aula.
Outros
Temas transversais: non se traballaron, traballáronse a maioría dos temas, traballáronse a maioría, traballáronse tódolos temas transversais. Materiais e recursos didácticos: os materiais e recursos didácticos non foron adecuados, os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados, os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados Resultados da avaliación: os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios, os resultados foron moderados, os resultados foron satisfactorios

Descrición:

A profesora avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente cos indicadores de logro e os elementos a a avaliar engadidos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizaránse de xeito periódico reunións de departamento , tanto ordinarias como extraordinarias, nas que se fará un seguimento da programación didáctica e eventualmente faránse propostas de revisión da mesma. Revisaránse a secuencia e a temporalización dos contidos dos distintos grupos e niveis. Analizaránse os resultados das probas e actividades. E deberemos asegurarnos que os instrumentos de avaliación son os axeitados e que son coñecidos polo alumnado e as súas familias. Revísanse os obxectivos e contidos recollidos na programación coa finalidade de adecualos á realidade da aula e de manter un ritmo de aprendizaxe común. Tamén se coordinarán as actividades complementarias e extraescolares do curso. Tódolos cambios e suxestións quedarán reflectidos nas actas das reunions de departamento. Na memoria final do departamento recolleránse as posibles modificacións introducidas na programación ao longo do curso e os motivos para introducilas e tamén as propostas de mellora para o seguinte curso. Tamén se fará un seguimento a través desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados